

Reino de noso

(Re)descubriendo a Historia

ALFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

Tras a chegada dos árabes á península Ibérica no 711, os anos sucesivos son decisivos para a configuración do Reino de Galiza. Efectivamente, nos douscentos anos posteriores sucedéronse unha serie de acontecementos que, partindo da crise inicial da monarquía, substituída polo goberno de xefes locais, e os primeiros intentos de configuración dun novo proxecto monárquico, culminan, no reinado de Afonso III (866–910), coa consolidación definitiva do Reino de Galiza.

Non obstante, nesa longa xeira cómpre salientar, tamén, o reinado de Afonso II (791–842), no que se produce o achado da tumba do apóstolo Santiago, que será determinante para a conformación da monarquía galega, ao facer posible a independencia da igrexa mozárabe de Toledo e a articulación dun poder compartido entre Oviedo e Compostela; e o reinado de Ramiro I (842–850), fundador da dinastía dos Ramírez, que incorporou definitivamente á nobreza galega ao trono.

Estes feitos, fundamentais para comprender os alicerces da historia medieval do Reino de Galiza, son os que estuda Xosé Antonio López Teixeira no libro *A formación do Reino de Galiza (711–910)*, que nos mostra un pasado histórico ben distinto do que nos viña ofrecendo a historiografía tradicional.

LÓPEZ TEIXEIRA, X.A., *A formación do reino de Galiza*, Ed. Toxosoutos, Noia, 2010, PVP 13 €

